

- O deporte en Galicia é considerado de utilidade pública: A lei do deporte, no seu artigo 2 reconece as súas especiais funcionalidades, especialmente nos ámbitos da educación, a formación, a saúde ou a socialización e a cohesión social, entre outros.

Estas funcionalidades adquiren especial relevancia entre a poboación en idade escolar, polos réditos inmediatos que o deporte e a actividade física supoñen no desenvolvemento integral das nenas e nenos, pero tamén, polo que significan para a consolidación de hábitos de vida saudables nas idades futuras.

- O Bono deporte ten por finalidade axudar ás familias nos gastos derivados da práctica deportiva dos nenos e nenas de 6 a 16 anos federados ou do programa XOGADE.
 - O Bono profundiza nas políticas públicas de soporte ao deporte de base que, en Galicia, teñen como medida estrela o seguro deportivo gratuíto para os nenos en idade escolar obrigatoria.
- OPERATIVA: Bono de 120 € por neno/nena para a adquisición de material e equipamento deportivo ou a realización de actividades deportivas (desconto do 80% de cada compra ata esgotar os 120€).
 - Gastos en establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestatarios de servizos deportivos radicados en Galicia que se adhiran ao Bono.
- Seguindo experiencias similares (bono comercio, bono cultural, ...), e entre outros extremos, establecerase a necesidade de adhesión previa do establecemento comercial ou do prestador do servizo.
- Orzamento: 16.200.000,00 euros.
- **Orde do 5 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de promoción da actividade deportiva en idade escolar a través do Bono deporte (DOG nº 233, do 11 de decembro de 2023)**
- Para dúbidas e suxestións: bonodeporte@xunta.gal

<https://www.bonodeporte.gal>

Teléfonos de contacto: 881-996344